

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN en QUÍMICA, 2º de bacharelato**

Nos distintos exames da materia preguntárase cuestión, temas, problemas, etc, tanto teóricas como numéricas sobre calquer aspecto da materia que fose explicado ben sexa oralmente, por escrito ou atraveso de calquer médio audiovisual como proxeccións, vídeos, filminas, pantalla de ordenador, etc. Así mesmo nos exames faranse preguntas sobre as prácticas realizadas no laboratorio

A cualificación realizarase tendo en conta:

O traballo en clase e na casa (resolución de exercicios na pizarra e no caderno, respostas a cuestións orais prantexadas en clase, e fundamentalmente probas de carácter obxectivo no formato informático online da aula virtual, que irán ponderadas de acordo co seu número de orde, superpostas por probas escritas en formato tradicional ) dará conta do 90 % da cualificación.

No establecemento da nota definitiva para cada avaliación teranse en conta as cualificacións do traballo de laboratorio e as observacións relativas á asistencia, puntualidade, participación, traballo e interese. Este apartado dará conta do 10% da cualificación.

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria, débense ter superado tódalas avaliacións dacordo co anterior, establecéndose a nota media das tres avaliacións como cualificación resultante.

Existirá a posibilidade de acudir a unha proba extraordinaria antes da cualificación definitiva, na que o alumnado poderá optar entre realizar a(s) partes correspondentes ás avaliacións suspensas ou optar por responder as preguntas indicadas de tódalas avaliacións. A nota obtida nesta proba extraordinaria substituirá ás obtidas nas respectivas avaliacións, no caso de superalas. De non ser así, farase a media coas mesmas para contabilizalas no establecemento da cualificación final definitiva.